



POLONIA: O RECORDO DE DOUS PASADOS TRAUMÁTICOS

*Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e
Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a
obtención do grao de Historia*

Marina Dans Fernández
Grao en Historia
Director: Antonio Miguez Macho
Departamento de Historia. Área de Historia Contemporánea
Curso 2021-2022

Resumo:

Neste traballo analizarase o recordo acerca do pasado de Polonia durante os dous totalitarismos que experimenta dende o estalido da Segunda Guerra Mundial, é dicir: a ocupación Nazi e a Ditadura comunista subordinada á URSS. Tamén se atenderá ó período de Transición que comeza en 1989, co fin de comprender como se chega á situación actual. O traballo centraráse especialmente no tratamento do pasado en diferentes momentos históricos, co fin de comprender como e por que a memoria histórica foi distintamente tratada polos diferentes réximes políticos. Achegáronos ó tratamento da memoria mediante diferentes elementos, sexan estes espazos, como museos, rúas, ou monumentos; manifestacións da historia polaca a través do cine ou da literatura, ou mediante o programa de estudo da historia polaca. O obxectivo final é comprender como se emprega a memoria na actualidade, e como este tratamento repercute no réxime e na sociedade actual polaca.

Palabras chave: Memoria, Totalitarismos, Alemaña, URSS, Transición.

Resumen:

En este trabajo se analizará el recuerdo del pasado de Polonia durante los dos totalitarismos que experimentó desde el estallido de la Segunda Guerra Mundial, es decir: la ocupación nazi y la dictadura comunista subordinada a la URSS. También se atenderá al período de Transición que comienza en 1989, con el fin de comprender cómo se llega a la situación actual. El trabajo se centrará especialmente en el tratamiento del pasado en diferentes momentos históricos, con el fin de comprender cómo y por qué la memoria histórica fue distintamente tratada en diferentes momentos políticos. El tratamiento de la memoria a través de diferentes elementos, sexan estos espazos, como museos, rúas, o monumentos; manifestaciones de la historia polaca a través del cine o la literatura, o mediante el programa de estudios de la historia polaca. El objetivo final es comprender cómo se emplea la memoria en la actualidad, y cómo este tratamiento repercute en el régimen y en la sociedad actual polaca.

Palabras clave: Memoria, Totalitarismos, Alemania, URSS, Transición.

Abstract:

This paper analyzes Poland's memory of the past during the two totalitarianisms it experienced since the outbreak of World War II, that means: the Nazi occupation and the communist dictatorship subordinated to the USSR. The Transition period starting in 1989 will also be dealt with, in order to understand how the current situation has been reached. The work will focus especially on the treatment of the past in different historical moments, in an effort to understand how and why historical memory was treated differently in different political moments. The treatment of memory will be done through different elements, such as museums, streets, or monuments; manifestations of Polish history through film or literature, or through the studies program of Polish's history. The ultimate goal is to understand how memory is used today, and how this treatment has an impact on the current Polish regime and society.

Key Words: Memory, Totalitarianism, Germany, USSR, Transition.

Índice de contidos

I. Introducción	4
I. 2. Estado da cuestión	6
II. Os elementos que conforman o pasado traumático	10
II. 1. Polonia durante a Segunda Guerra Mundial	10
II. 2. Polonia durante a existencia da URSS	13
II. 3. Transición	16
III. O recordo na actualidade dos feitos traumáticos	18
III. 1. O tratamento político da memoria	18
III. 2. Actos conmemorativos no calendario	21
III. 3. Lugares de recordo	24
IV. Conclusións	28
V. Bibliografía	32

I. Introducción

O século XX en Europa está marcado polos gobernos ditatoriais, o nacemento das democracias, as modificacións territoriais, e o predominio dos Estados nacións. En Europa Occidental, cunhas nacións bastante consolidadas historicamente, estes procesos foron moitísimo menos conflictivos a nivel territorial, e tamén bastante menos a nivel político, pese o establecemento das ditaduras de España, Italia e Portugal. Sen embargo, en Europa Central e Oriental estes procesos foron predominantes dende o final da Primeira Guerra Mundial ata a caída da URSS, e moito máis axitados. O mapa europeo cambiou enormemente, dando lugar á aparición de novos países, así como á reaparición doutros que xa existiran no pasado, que basearán a súa lexitimidade no concepto de nación, o que en moitos casos levará a enormes desprazamentos de poboacións para adaptarse a eses marcos teóricos das novas fronteiras (Casanova, J., 2020).

O caso de Polonia é paradigmático neste novo escenario europeo, xa que rexurdirá como país independente tras a Primeira Guerra Mundial, para volver a verse ocupado por dous réximes ditatoriais, primeiro o Nacionalsocialista, dende 1939 ata comezos de 1945, e despois, manque manténdose como país independente, caerá baixo a órbita de influencia do Bloque Soviético dende 1945 ata 1989. Nesta última data comeza un proceso de Transición nun país considerablemente distinto ó existente en 1918, que procurará asumir estes dous pasados traumáticos nun obxectivo de establecemento dun réxime democrático, en similitude ós sistemas de Europa Occidental (Casanova, J., 2020).

Durante a Transición, na última década do século XX, esta procura da democracia foi o obxectivo dos diferentes partidos que pasaron polo goberno. O último deles, o actual partido no poder dende 2015, é o PiS (*Prawo i Sprawiedliwość*), Lei e Xustiza, fundado polos irmás Jaroslaw e Lech Kaczynski. O PiS é un partido populista de dereitas, moi nacionalista e conservador en moitos aspectos, como no relixioso, mantendo un forte apoio á Igrexa Católica, ou no civil. No ámbito económico, é partidario dun capitalismo social, tomando medidas proteccionistas en certos aspectos. Outras características poden ser o escepticismo ante a Unión Europea e a súa relación con Polonia, ou a loita contra a corrupción. No aspecto civil, como xa comentamos, caracterízase polo conservadorismo. Entre outras medidas, propón o restablecemento da pena capital para algúns delitos,

oponse á eutanasia, ó aborto, e ten unha política bastante represiva con algunhas minorías, como pode ser o colectivo LGTB. Esta serie de premisas que afectan os dereitos humanos, xunto con outros, como a considerable limitación das posibilidades de consulta pública, ou os obstáculos establecidos mediante certas medidas impositivas ós medios de comunicación independentes, derivando nunha limitación dos medios de información, levan a algúns autores a considerar ó Estado polaco como unha ‘democradura’, termo empregado por Dominik Owczarek, algo que podemos entender como unha democracia parcial/sesgada (Owczarek, D., 2017).

En todo caso, e pese a estas fallas no sistema actual, dende o comezo da Transición, Polonia sen dúbida mellorou en materia de dereitos civís ou calidade de vida. Ó longo dos diferentes sistemas polos que pasou o país dende o estalido da Segunda Guerra Mundial, Polonia viviu experiencias que afectaron á poboación de forma traumática, mais estas recórdanse de forma diferente dependendo do tipo de réxime. Durante estas páxinas, intentaranse expoñer unha serie de casos que marcaron á comunidade polaca durante este período, e a forma en que estes acontecementos foron recordados, ou ignorados, por cada réxime.

Intentaremos dar resposta a unha serie de cuestións que concirnen ó tratamento da memoria histórica polos diferentes sistemas políticos, principalmente o efectuado pola Polonia da Transición, é dicir, dende 1989. Existe unha versión ‘oficial’ da historia no novo réxime? De ser así, en que difire coa versión da historia anterior? Facilitase a investigación libre do pasado? Buscou o estado polaco recuperar a memoria das vítimas? De ser o caso, como as conmemora? Existe algún perfil específico que sexa máis proclive á conmemoración? Impulsou o estado investigacións contra os crimes cometidos? Intentou resarcir ás persoas damnificadas por estes?

Para achegarnos ó relato histórico presentado por cada réxime, empregaranse diferentes recursos de investigación. Utilizarase principalmente fontes bibliográficas, artigos e documentos de diferentes autores de diversas nacionalidades, ademais da polaca. Unha boa parte dos autores polacos mostran un maior interese na revisión crítica da historia da do período de ditadura comunista, e amosan case sempre unha percepción do pobo polaco como vítima, tanto deste período como do da ocupación nazi. Amísimo

tenden a minimizar a responsabilidade dos polacos durante estes réximes, e o seu punto de vista, en moitos casos, peca dun excesivo nacionalismo, como é o caso dos traballos de Drozdewski ou de Stanislaw Ciechanowski. Por outra banda, os autores internacionais, como poden ser Tonini ou Lowe, presentan unha visión máis crítica coas propias acción e responsabilidades dos polacos durante os períodos sinalados. Resulta paradigmático o caso de Jan T. Gross, un autor polacoestadounidense. A publicación do seu libro ‘Veciños’, no que destacaba o papel da poboación polaca en determinadas accións antixudías durante o período de ocupación nazi, xerou unha importante polémica na historiografía polaca. Tamén se analizaran diferentes espazos públicos, como poden ser rúas, prazas, monumentos, museos... así como datas relevantes no calendario polaco.

Antes de nada, resulta necesaria unha breve situación dos acontecementos que mais adiante serán o obxecto de análise. Serán presentados en orde cronolóxico, comezando por aqueles que acontecen durante o tempo da Segunda Guerra Mundial, e continuando cos que teñen lugar durante o tempo da URSS. Aínda que sexa durante estes anos cando teñen lugar estes acontecementos traumáticos, tamén se procurará facer un achegamento a como variou a percepción de certos acontecementos ou figuras protagonistas durante a Transición.

A continuación, presentarase os elementos empregados para aproximarnos a esta percepción do pasado durante a Transición. Finalmente, tras a análise destes acontecementos e da súa representación mediante estes elementos (bibliografía, espazos públicos, plan de estudos...), procurarase chegar a unha serie de conclusións en canto ó porque da percepción, non só destes acontecementos, senón tamén dos dous países que provocaron estes sucesos.

I. 2. Estado da cuestión

A historiografía polaca centrouse ó longo dos anos da Transición en demostrar tanto a culpabilidade alemá, pero sobre todo a soviética, nos crimes efectuados na Segunda Guerra Mundial. Este enfoque moito máis centrado nos crimes soviéticos débese neste caso á diferente experiencia dos países do Leste e dos países Occidentais. Na historiografía de Europa Occidental, o comezo da guerra está marcado pola invasión

alemá de Polonia, o 1 de Setembro de 1939. Sen embargo, o 17 dese mesmo mes as tropas soviéticas ocupan tamén parte de Polonia, algo moi determinante para o pobo polaco, pero que non recibe tanta atención por parte dos autores occidentais. Isto débese tamén a un tratamento interesado da historia por parte destes últimos. A diferenza no tratamento destas dúas invasións a Polonia radica en que posteriormente, co ataque de Alemaña á URSS en 1941, esta cambia de bando e pasa a formar parte das forzas aliadas, pasando a ser unha potencia indispensable na eliminación do fascismo en Europa. Debido a esta ‘dependencia’ dos aliados coa URSS, obviouse o feito de que tamén participase no reparto de Polonia en 1939, algo que non foi esquecido polos polacos, como intentan amosar actualmente (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017).

Esta situación de ‘dependencia’ pola posición de alianza levou tamén a un tratamento interesado doutros temas, como pode ser o concepto dos campos de concentración e dos gulags. Na memoria europea está moi marcada a idea do campo de concentración e do campo de exterminio, sen embargo, a noción do gulag queda moi lonxe da concepción occidental. Simplemente as súas poboacións non se viron afectadas por eles, pero no caso de Polonia o feito de que soamente se recoñeza o sufrimento dos campos alemáns, ademais de resultar incomprendible para gran parte da poboación, asemella inxusto e frustrante moralmente.

Todos estes factores radican no problema da culpabilidade, que se reduce ós nazis na maioría da historiografía de Europa Occidental, mentres que o Exército Vermello preséntase como ó liberador do fascismo que sometía á metade de Europa. Este papel está reforzado pola narrativa da propia Rusia incluso actualmente, que preséntase a si mesma como ó ‘anxo que salvou a Europa do fascismo’. Se ben é certo que a URSS foi indispensable para o vencemento do Terceiro Reich, para os países de Europa Oriental, non actuou como liberadora, senón máis ben como ocupante (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017). Esta situación, de feito, si que vai estar recoñecida por Europa Occidental tras a guerra, cando a URSS volve a xogar o papel de inimiga das potencias capitalistas, polo que os seus crimes xa poden ser recoñecidos polas potencias europeas e por EEUU.

Este escaso recoñecemento internacional ó sufrimento causado pola URSS é unha das razóns que levan á sociedade polaca a ter ese rexeitamento tan forte do comunismo,

do que están tan orgullosos. Entre 1772 e 1795, a antiga Mancomunidade Polaco-Lituana¹ sufriu as invasións de Austria, Prusia e Rusia, e quedou baixo dominio destas ata 1918, cando recupera a independencia tras a Primeira Guerra Mundial. Por tanto, a sociedade polaca, xa antes da Segunda Guerra Mundial, tiña un sentimento de rexeitamento á URSS moi forte, así como con calquera aspecto relacionado coa URSS, incluíndo loxicamente ó comunismo. Este rexeitamento estivo reforzado por concepcións populares do pobo ruso, como a idea de que eran xentes extremadamente violentas, que tiñan costume de estar sometidos á autoridade... Ou mesmo ca prexuizos da sociedade polaca, como que a ‘constitución de dirección del partido estaba formada sobre todo por xudeus’ (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009, p. 174).

Isto último está relacionado con outro tema moi interesante para observar o tratamento da memoria histórica en certos aspectos das relacións entre xudeus e polacos. En Polonia existe a idea xeralmente aceptada de que os xudeus tendían a apoiar ós soviéticos. Isto sen embargo non atopa demasiado fundamento, xa que, aínda que loxicamente existiron xudeus que apoiaron ó réxime soviético, non hai datos que indiquen que exista unha proporción moito maior de xudeus co réxime que de polacos. Con todo, este prexuízo pode adquirir un certo sentido se pensamos nas condicións dos xudeus baixo o réxime nazi e baixo o soviético, non sendo estraño que estes preferisen ós segundos, xa que, cando menos, estes non tiñan o obxectivo de exterminar completamente a súa comunidade.

Jan Gross trata este estereotipo no caso de Jedwabne, onde, en efecto, as testemuñas polacas falan de ‘manifestaciones espontáneas de alegría y de fiesta por parte de la población judía’ (Gross, J., 2002, p. 56) ante a entrada do Exército Vermello. Sen embargo, mais adiante, baseándose na entrevista dun veciño do pobo que afirmaba, ‘yo no tengo ninguna prueba de lo que voy a decir. Repito sólo lo que, por así decir, era un secreto a voces (...) Personalmente no sé de nadie’ (Gross, J., 2002, p. 57), o autor explica que estas afirmacións responden a un estereotipo que, dándolle un par de voltas, podía ser confirmado con calquera acción dos xudeus.

Desgraciadamente, este prexuízo da comunidade de Jedwabne foi probablemente un factor bastante relevante para entender as razóns da matanza. Neste pobo existiu unha

organización clandestina descuberta e desmantelada pola NKVD en xuño de 1940, polo que non resulta inadecuado pensar que a matanza, 10 de xullo de 1941, e este feito estivesen relacionados. Gross vai máis alá, e afirma que ‘la población no judía de la zona recibió con entusiasmo la llegada de las unidades de la Wehrmacht en 1941 y que la mayoría colaboró con los alemanes’, sen embargo, ‘ resulta imposible identificar los casos de colaboracionismo de los judíos con los soviéticos durante el período de 1939-1941’ (Gross, J., 2002, p. 145). Isto lévalle a argumentar que na suposta actitude dos xudeus cara os soviéticos refléxase en realidade a actitude tomada polos polacos cara os alemáns, dando lugar a un ‘solapamiento en la memoria colectiva’ (Gross, J., 2002, p. 145).

‘En el contexto de la memoria de la Segunda Guerra Mundial, se pueden observar algunas estrategias que intentan suavizar los recuerdos de las atrocidades y el significado de su responsabilidad’ (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017, p. 46). A maioría destas técnicas as podemos observar no tratamento do pasado polo Estado polaco. A primeira destas estratexias é o silenciamento, mentres que outra pode ser a táctica das xustificacións: ‘Casi nunca hay testimonios de victimarios. Si hablan, nunca se sienten culpables’ (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017, p. 46). Ó longo do relato histórico presentado por Polonia, tanto pola actual como pola comunista, podemos observar diferentes momentos nos que estas estratexias lévanse a cabo. Un exemplo pode ser o tratamento que se da na actualidade ó cambio de fronteiras despois da Segunda Guerra Mundial. A historiografía polaca fai fincapé nas perdas territoriais de Polonia en favor da URSS, sen embargo non se soen mencionar os novos territorios obtidos de Alemaña na zona Occidental.

Outro exemplo claro do emprego destas dúas estratexias é o case nulo tratamento do caso de Jedwabne pola historiografía polaca. De feito, este mesmo método úsase en moitos casos en todo o que respecta ás relacións entre xudeus e polacos, e en calquera crime cometido pola comunidade polaca. Destácase comunmente o feito de que Polonia é o país con máis ‘Xustos entre as nacións’, mais non se soe mencionar que parte da poboación tamén denunciou a quen escondía ou axudaba a xudeus, atacou a estes, incluso levando a cabo matanzas de centos de persoas, e quedou cos seus bens e propiedades. Estas situacións soen obviarse, e, en caso de ser mencionadas, a súa autoría normalmente achacase a grupos determinados da poboación:

Formaciones auxiliares de la policía compuestas básicamente por letones, ucraninos y algunos otros ‘calmucos’, por no hablar de los proverbiales ‘sinvergüenzas’ cuya actuación todo el mundo reprobó porque resultaba demasiado fácil no asumir la responsabilidad de lo ocurrido, los llamados szmalcowniks, es decir, los extorsionistas que optaron por ganarse la vida aprovechándose de los judíos que intentaban salir adelante y sobrevivir en la clandestinidad. (Gross, J., 2002, p. 131).

II. Os elementos que conforman o pasado traumático

II. 1. Polonia durante a Segunda Guerra Mundial

O 1 de Setembro de 1939, o exército alemá entra en territorio polaco, e, seguindo a táctica da ‘Guerra relámpago’ (*Blitzkrieg*), consegue en aproximadamente un mes a dominación da metade Occidental de Polonia. A invasión alemá provocará a declaración de guerra de Francia e Reino Unido, iniciándose así o conflito que posteriormente adquirirá dimensións mundiais. Por outra banda, a zona Oriental de Polonia será dominada pola URSS, que, seguindo a cláusula segreda do Pacto Ribbentrop-Molotov firmado con Alemaña o 23 de Agosto, introduce o seu exército en territorio polaco o 17 de Setembro. Polonia quedará dividida desta forma durante gran parte da guerra, ata o inicio do ataque de Alemaña á URSS, en 1941 ².

Coa ocupación alemá, a forma de vida dos polacos cambiou drasticamente. O obxectivo do Tercer Reich en Polonia foi ‘dejar sobrevivir solamente a los hombres simples, necesarios para el trabajo manual’ (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017, p. 43). Para isto era necesario facer unha limpeza das capas intelectuais ou mais formadas da sociedade, coñecidas como a *Inteligentzia*. Tamén se fixo un esforzo por rematar con todos polacos considerados perigosos, é dicir, dirixentes políticos, sociais e relixiosos, membros da resistencia e oficiais do exército. Repoboouse gran parte da Polonia Occidental, agora anexionada ó Reich, con colonos alemáns, e desprazáronse arredor de 100.000 polacos ó coñecido como Goberno Xeral, unha zona destinada especialmente ós cidadáns, ou máis ben, man de obra polaca. Gran parte da poboación polaca foi explotada en campos de

concentración, e calcúlase que arredor de 1'8 civís polacos foron asasinados, 200.000 soamente durante o Levantamento de Varsovia, o entre Agosto e Outubro de 1944.

Pola súa banda, na zona Oriental, a URSS tamén estableceu un réxime de terror, acabando tamén con gran parte da *Inteligentzia* polaca. Tamén nesta zona, arredor duns 320.000 polacos foron deportados ó gulag, sobre todo ós campos de Siberia. Foi nesta Polonia Oriental onde sucedeu un dos episodios máis traumáticos para Polonia, a coñecida como a matanza de Katyn. Aproximadamente uns 20.000 polacos, especialmente oficiais, pero tamén policía e parte desta *Inteligentzia* foron deportados maioritariamente a tres campos; Ostaszków, Kozielsk e Starobielsk (Drozdewski, D., 2012, p. 6). Estes prisioneiros foron asasinados ó longo da primavera de 1940, e un dos seus lugares de enterramento, concretamente dos prisioneiros do campo de Kozielsk, foi o bosque de Katyn, nome polo que se vai a coñecer o episodio xeralmente.

Ó reducir á capa máis alta da sociedade e someter ó país baixo tal réxime de terror, tanto Alemaña como Rusia pretendían tamén acabar con calquera indicio da cultura polaca. Eliminouse a prensa e a radio polacas, así como obras de teatro, películas etc. que non estivesen aprobadas polo réxime nazi. Sen embargo, a sociedade conseguiu establecer unha resistencia clandestina que conseguiu manter en certa medida as clases de secundaria e da Universidade, formouse unha propia presa.... En definitiva, conseguiuase manter gran parte da identidade polaca.

No territorio da Polonia ocupada por Alemaña é onde ten lugar o Holocausto, o exterminio masivo da poboación xudía en Europa, así como un asasinato masivo tamén da poboación polaca. Calculase que foron asasinados aproximadamente uns 6 millóns de xudeus, dos cales 3 millóns eran polacos, aínda que estes números son difíciles de establecer. O plan de exterminio xudeu, coñecido como a Solución Final, foi un dos obxectivos principais do réxime nazi, e desenvolveuse ó máximo posible, sen importar as consecuencias negativas que tiña para Alemania, especialmente durante os últimos anos da guerra. A operación, aínda que xa comezara anos antes cos chamados '*einsatzgruppen*' en diferentes territorios de Polonia ou da URSS cando o exército alemá entra neles, levouse a cabo masivamente e de forma sistemática dende 1942 en campos de

concentración e campos de exterminio, estes últimos principalmente en territorio polaco, onde se estableceron seis, entre eles Auschwitz-Birkenau.

Auschwitz é un enorme símbolo de sufrimento da humanidade, e actualmente o maior símbolo de conmemoración do Holocausto xa que é o campo de exterminio onde se rematou coa vida de máis xudeus. Sen embargo e iso sen contar cos miles de gulags erixidos pola Unión Soviética (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017, p. 43). Auschwitz comeza a funcionar a mediados de 1940, como campo de concentración pensado principalmente para aqueles polacos arrestados pola policía alemá, que nunca deixarán de deportarse. Tampouco perderá ese papel inicial de campo de concentración, nin cando en 1942 comezan a chegar as intensas deportacións de xudeus, converténdose nun centro masivo de exterminio, seguindo o plan da ‘Solución Final’. Calcúlanse que uns 960.000 xudeus foron asasinados en Auschwitz dende 1942, pero tamén se rematou coa vida de outros grupos, como prisioneiros políticos, sociais, prisioneiros de guerra soviéticos, Testemuñas de Xehová ou homosexuais (Świebocka, T., Pinderska-Lech, J. e Mensfelt, J., 2010).

A comunidade xudía das cidades en Polonia estaba bastante integrada na sociedade, e os contactos entre polacos e xudeus non desapareceron durante a guerra. Déronse moitos casos de cidadáns polacos que axudaron á poboación xudía, de feito, Polonia conta co maior número de Xustos entre as Nacións (6532). Este é un título concedido polo Parlamento de Israel e o Yad Vashem dende 1953, que recoñece a aquelas persoas que, sen ser de confesión ou ascendencia xudía, e sen esperar compensación, prestaron axuda as vítimas ameazadas polo Réxime Nazi.

Sen embargo, o antisemitismo tamén estaba moi estendido en Polonia, principalmente no ámbito rural, onde as comunidades xudías en moitos casos formaban congregacións separadas. Manifestación de este sentimento, son os diferentes pogromos que se levaron a cabo en Polonia, ó longo de diferentes anos. Un deles tivo lugar o 10 de Xullo de 1941, no pobo de Jedwabne, nesa época baixo ocupación alemá. Sen embargo, a investigación de Jan T. Gross parece demostrar que este pogromo non foi instigado polos alemáns. Se ben o permitiron, a responsabilidade das accións recaeu nos propios veciños de Jedwabne. A gran maioría da poboación xudía de Jedwabne, arredor duns

1500, foi aniquilada (Gross, J., 2002). Este resulta un tema interesante ó tratar a memoria histórica en Polonia, xa que, como veremos máis adiante, é un tema practicamente esquecido pola historiografía polaca.

Ademais das grandes deportacións derivadas do proceso de exterminio ou explotación nos campos de concentración, o Terceiro Reich tamén levou a cabo movementos poboacionais enfocados a un repoboamento alemán en aquelas zonas consideradas parte da Gran Alemaña. Territorios como a Polonia Occidental foron repoboados por colonos alemáns, mentres que a poboación autóctona que non fose de orixe alemán era deportada á zona do Goberno Xeral (Casanova, J., 2020).

O 17 de Xaneiro de 1945, o Exército Vermello entra en Varsovia, acabando coa ocupación nazi na capital. Finalmente, o 7 de Maio de 1945, o Terceiro Reich capitula formalmente ante os aliados, e o día seguinte ante a URSS dando por rematada a guerra en Europa.

II. 2. Polonia durante a existencia da URSS

Co fin da Segunda Guerra Mundial e a desintegración do Tercer Reich vólvese a remodelar o mapa político europeo. Hai unha serie de cambios territoriais ³, moi relacionados cos cambios efectuados tras a Primeira Guerra Mundial, xa que a URSS aproveitará para recuperar o territorio cedido no Tratado de Brest-Litovsk. Por tanto, a URSS mantivo a posesión de determinados países de Europa Central e Oriental, hoxe en día independentes, como poden ser Estonia, Letonia, Lituania, Ucraína ou Moldavia. Polonia, aínda que perdeu unha serie de territorios na parte Oriental en favor da URSS, mantivo a súa independencia, mais estableceuse un Goberno satélite da URSS, que dirixirá o país ata a caída da mesma. Este goberno será aceptado polas potencias internacionais, que retirarán o recoñecemento ó Goberno Polaco exiliado en Londres (Bak, G., n.d.).

Unha vez expulsado o Exército alemán, as tropas rusas non abandonan inmediatamente Polonia. A presenza do Exército Vermello e da NKVD (Comisariado do Pobo para Asuntos Internos, entre as súas funcións estaba a Policía Secreta) manterase ata a caída da URSS. Durante a guerra establecérase un novo partido comunista polaco,

o PPR (*Polska Partia Robotnicza*), que será o antecesor ó PZPR (*Polska Zjednoczona Partia Robotnicza*), o partido que gobernará Polonia dende 1948 ata 1989.

Durante os primeiros anos de ocupación soviética, especialmente en 1946, leváronse a cabo enormes desprazamentos de poboación. Estes diferenciábanse dos levados a cabo polos alemáns, xa que non buscaban tanto o establecemento de poboación rusa en novos territorios, senón que procuraban a reorganización étnica das diferentes poboacións das zonas ocupadas. Estes movementos de poboación afectaron enormemente a Polonia, que viviu a chegada duns 750.000 polacos de Ucraína, e duns 200.000 de Bielorrusia e Lituania. Experimentou tamén o desprazamento destes pobos cara ás súas respectivas Repúblicas Soviéticas, cambiando completamente o panorama étnico do país polaco. Tamén, como no caso alemán, moitos polacos foron deportados a campos de traballo, gulags neste caso. Estas deportacións, aínda que moito máis fortes nestes anos, non son únicas do período de posguerra, tamén se levarán a cabo considerables movementos de poboación de polacos que habitaban en diferentes territorios da URSS, ou que permanecían en gulags, principalmente entre 1956 e 1959 (Tonini, C., 2019).

Será a partir do establecemento da República Popular Polaca, en 1948, cando comeza a época do verdadeiro Goberno ditatorial en Polonia, independente, pero baixo a órbita soviética. Esta fase mais represiva durará ata 1956. Nesta etapa, ‘Las autoridades pretendieron dominar todos los ámbitos de la vida social (...), cultura y ciencia’ (Bak, G., n.d., p. 164). Son durante estes anos cando se leva a cabo a soviétización do país, coa nacionalización da industria, a limitación do comercio privado, ou cos obxectivos de conceder terra a 1 millón de campesiños e a diminución de paro dos obreiros. Estas últimas medidas resultaron bastante populares, e conseguiron atraer a certos elementos sociais cara a nova orde. A etapa de soviétización culmina co asentamento da autoridade comunista: establécese como ministro de defensa nacional ó mariscal soviético Konstantin Rokossovsky, sitúanse a xenerais soviéticos en case todos os mandos do Exército Polaco, así como conselleiros rusos en economía e seguridade. En definitiva, acadase a subordinación económica e política de Polonia á URSS. Estableceuse un réxime de terror preventivo, impulsado tanto polos bolxeviques como polos comunistas polacos, nunha incesante búsqueda do inimigo interno. Perseguirase fortemente á Igrexa Católica,

que aumentará esa visión xa estendida de símbolo de resistencia cultura e nacional. Como símbolo desta soviétización, promúlgase unha nova Consitución en 1952, onde se tamén establece o nome no novo Estado: a República Popular Polaca (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009).

Tras 1956, con períodos de avance e retroceso, a presión ideolóxica irá diminuíndo. Levase a cabo un proceso de desestalinización, aínda que os cambios serán en todo momento limitados e controlados. Con todo, remata o período de terror xeral, aínda que continúa existindo unha forte represión, e as autoridades comunistas e a Igrexa chegan a acordos. O Partido reconece á Igrexa, e permite que se de relixión nas aulas, mais establecerá un método para o nomeamento dos postos eclesiásticos. Tamén se efectúan cambios na cúpula do exército, e, aínda que o mariscal Rokossovsky e demais xenerais soviéticos volven a URSS, nunca responderán ós seus crimes. Permitiránse os desprazamentos dos polacos que permanecían ata o momento na URSS, así como a rehabilitación de moitos dos condenados en procesos políticos. No mundo da cultura tamén se pode observar unha certa lasitude. Será nesta época, e favorecido certamente por estes cambios, cando aparecen novos grupos de *Inteligentzia* católica, aínda que tamén clubs de discusión dunha *Inteligentzia* xove, moitas veces relacionada co poder. Gradualmente invertese menos en industria pesada ou armamento, e irá abandonándose o plan de colectivización da agricultura. Outorgase permiso a algúns obreiros para crear empresas estatais, e millorase parcialmente a administración en economía, nun intento de volver a certos mecanismos do mercado capitalista, aínda que estas solucións non serán demasiado eficaces (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009).

Con todo, os elementos claves do sistema non desaparecen. O Partido Comunista manterá un dominio centralizado e xerárquico, así como o monopolio informativo. Mantense tamén o carácter policial do Estado, así como a primacía da propiedade estatal sobre a privada. Este mantemento das características máis intrínsecas do sistema, xunto cunha maior liberdade provocan que gradualmente vaia aumentando unha crise social e política, tamén nos dirixentes do partido, así como a crítica ó sistema. O agravamento da crise levará á primeira revolta popular o 28 de Xullo de 1956 en Poznan. Esta comeza como unha folga xeral pacífica dos obreiros polacos da cidade, provocada directamente

pola desastrosa situación económica, mais converterase nunha insurrección popular de gran carácter nacional e anticomunista. A revolta será rematada pola intervención das forzas armadas estatais e cunha dura represión (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009).

Despois desta revolta, e xa coa revolución ‘canalizada’, remata o proceso de liberalización da ditadura, mais, aínda que efectivamente se aloxará dos cambios, non volverá á dureza da etapa estalinista. Sen embargo, esta revolta establece a semente que mais adiante desencadeará o movemento de ‘Solidaridade’ que nos anos 80 terá un papel decisivo no derrube do sistema. Dúas revoltas similares teñen lugar en 1970 e 1976, cando os obreiros saen as rúas a manifestarse e as autoridades cargan, desencadeándose de novo a loita. En 1980 as revoltas cambian de estratexia. Este ano, coa revolta dos obreiros de Gdansk, fórmase o sindicato libre coñecido como ‘Solidaridade’, dirixido por Lech Walesa. Este foi o primeiro sindicato independente nun país do Bloque Soviético, e pasou a liderar un movemento social anticomunista e non violento, que xogou un papel importante na caída do réxime non só en Polonia, senón tamén en Europa Central. Durante máis dun ano o país será practicamente controlado pola sociedade, mais isto rematará en 1981, co establecemento do Estado Marcial polo xeral Jaruzelski (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009).

Non será ata a caída do Bloque Soviético, en 1989, cando se convoquen eleccións e gane en Polonia o primeiro goberno non comunista. Sen embargo, non hai un proceso de persecución cara as forzas do vello réxime. Estas capitulan de forma na que son capaces de presentarse como un grupo partidario da democracia, liberalismo, e capitalismo, así como propensos a unha Europa unida e a unha alianza con Estados Unidos. É dicir, conseguen adaptarse as tendencias contemporáneas de Occidente.

II. 3. Transición

Tras a caída da URSS, o sistema en Polonia cambia, mais non se leva a cabo unha ruptura drástica co réxime anterior, nin se persigue ós seus dirixentes. En 1989, por tanto, comeza o período de Transición en Polonia. Este iníciase cunha serie de negociacións, na coñecida como ‘Mesa Redonda’, entre o Goberno comunista e a oposición política, cos obxectivos de acadar unha saída pacífica do vello sistema, e enfocar o novo cara a

Democracia. Este proceso non será visto con bos ollos por toda a poboación. Existiu un grupo considerable de xente que rexeitaba a negociación cos representantes da República Popular de Polonia, e eran máis partidarios de esperar ata a disolución do partido, e levar a cabo unha ‘Revolución de Terciopelo’ (Barlinska, I., 2006, p. 1). Esta podería ser unha solución para as ‘ambigüedades’ que deixaba a negociación cos comunistas, mais a revolución tamén podería ter desembocado nuns procesos violentos.

En todo caso, as negociacións da ‘Mesa Redonda’ chegan a unha serie de acordos, entre eles a convocatoria das primeiras eleccións libres, en Xuño de 1989. Estas eleccións as gañará cunha gran maioría o novo partido de ‘Solidaridade’, anteriormente sindicato. Este partido seguirá un principio fundamental, o lema da ‘Raia grosa’. Este baseábase na separación entre o presente e o pasado, de forma que o Goberno do momento fose responsable unicamente das súas accións, non do acontecido no antigo réxime. Este principio tiña unha dobre dimensión. Por unha banda, moralmente, o pobo polaco parecía esquecer unha reparación ou unha exixencia de responsabilidades, e aceptaba non buscar ós culpables dos seus males no pasado. Por outra banda, politicamente existía un compromiso, xa que non era posible cambiar inmediatamente todos os altos cargos, institucións ou políticas, polo que os dirixentes do novo réxime terían que traballar cóbado con cóbado cos dirixentes do réxime anterior, sen manifestar ningún tipo de rancor (Barlinska, I., 2006).

Este enfoque non foi aceptado polos grupo da oposición, que era partidario da purga dos comunistas. Existiron ó longo da Transición numerosos intentos de levar a cabo un proceso de ‘lustración’, entendido como un ‘procedimiento de revisión y verificación de personas llevado a cabo en instituciones, asociaciones y partidos políticos’ (Barlinska, I., 2006, p. 2). En todo caso, o proxecto de lei contou cunha serie de obstáculos. Por unha banda, o comisario dos Dereitos Humanos do Consello de Europa afirmou que ‘desde el punto de vista del respeto a los derechos humanos, la propuesta de ley sobre la “lustración” es inadmisible’. Ademais, para poder identificar ós colaboradores do réxime comunista, exceptuando ás altas personaxes públicas, sería preciso retomar os documentos, expedientes, arquivos... deses anos. E estes podían estar facilmente manipulados, ou podían mencionar a persoas que colaborasen debido a presións.

Este proceso formou parte dos obxectivos principais do Partido Lei e Xustiza, fundado en 2001, e que formou goberno varias veces no comezo do século XXI, incluíndo dende 2015 ata a actualidade. A primeira vitoria electoral deste partido ten lugar en 2005 como resultado do descrédito moral do partido post-comunista Alianza de Esquerda Democrática. Este era o principal partido de esquerdas de Polonia, formado por antigos militantes do POUP, que gobernou entre 1993 e 1997, e 2001 e 2003. Existía unha crise entre as elites gobernantes dende 1989, xa que os obxectivos da Transición xa foran cumpridos. Estes eran a instauración da democracia, do mercado libre, a defensa dos dereitos humanos, o pluralismo político, os medios de comunicación libres e a entrada na OTAN e na Unión Europea. Sen embargo, cada vez era máis notable a corrupción dos gobernantes, así como a falta de eficacia ante a xustiza. Vai formándose a idea, alentada polo pasado comunista, de que nin a esquerda nin o centro poderían gobernar Polonia durante un período de tempo extenso, e este ambiente será aproveitado polo PiS (Lei e Xustiza), que retomará a liña de ‘Solidaridade’, enviando unha mensaxe patriótica e nacionalista (Barlinska, I., 2006).

O Partido, que gaña en 2005, concentrarase nun inimigo da nación, un recurso usual nos partido populistas, xa que resulta un mecanismo eficaz a hora de unir á poboación nun mesmo obxectivo. Este inimigo non vai ser tanto o pasado comunista, como o pasado post-comunista, é dicir, o período de fortes cambios dende 1989. Podemos entender este enfoque como un intento de borrar a continuidade histórica entre o pasado comunista de Polonia, e a época máis contemporánea, no que o control da memoria histórica xoga un papel fundamental.

III. O recordo na actualidade dos feitos traumáticos

III. 1. O tratamento político da memoria

Ambas ditaduras, a alemá e a soviética, manipularon a memoria histórica, ou cando menos levaron a cabo un tratamento interesado da mesma. Sen embargo, esta non é unha característica única dos sistemas totalitarios, xa que durante o proceso de formación da nova Polonia democrática, o problema de como representar o pasado foi unha das principais cuestións. Como xa vimos anteriormente, no proceso de Transición

existiron principalmente dúas visións políticas, acerca de se facer unha ‘Transición negociada’ (Tonini, C., 2019), ou se romper radicalmente co pasado comunista de Polonia. Ó longo destes anos da Transición, chegaron ó poder distintos grupos políticos, nuns momentos gobernando aqueles que seguían a liña de ‘Solidaridade’, e noutros gobernando partidos de esquerda. Ambos enfoques tiveron o seu respectivo impacto na forma na que se procedeu a relatar a historia.

En 1995 gañou as eleccións o dirixente do Partido Social Demócrata de Polonia (*Socjaldemokracja Rzeczypospolitej Polskiej*), Aleksander Kwasniewski, quen gobernou ata 2005. O SdRP entrou en goberno mediante unha alianza con outros partidos de socialdemócratas e socialistas, chamada Alianza de Esquerda Democrática (*Sojusz Lewicy Demokratycznej*). Esta coalición, formada por antigos militantes do Partido Obreiro Unificado Polaco (*Polska Zjednoczona Partia Robotnicza*), o partido que gobernou Polonia ata 1989, converteuse en partido en 1999. A chegada ó poder dos antigos comunistas produciu un forte impacto na escena política, abrindo de novo o debate da cuestión da ‘purificación’. Como consecuencia destas tensións, aprobouse unha lei, coñecida como a Lei da ‘Lustración’, que obrigaba a declarar por escrito a aqueles candidatos ás eleccións ou cargos da administración se colaboraron no pasado coa policía segreda. Sen embargo, exceptuando ós altos cargos, aqueles que admitisen ter colaborado co réxime anterior poderían seguir optando ós seus postos. Esta lei tivo un éxito relativo, xa que ademais das poucas confesións, algunhas destas persoas que admitiron ter colaborado co antigo réxime presentáronse ás eleccións e as gañaron, segundo Szczerbiak, ‘una señal de que la memoria del pasado no tuvo mayor influencia sobre las elecciones políticas’ (Tonini, C., 2019, P. 6).

A Lei da ‘*Lustracja*’ modificouse en numerosas ocasións dende o cambio na maioría de goberno en 1997, coa coalición Acción Electoral Solidarnosc, formada por partidos de inspiración cristiano-nacional. Esta nova alianza buscará unha ruptura definitiva co pasado comunista, intentando eliminar a República Popular Polaca da memoria colectiva, é dicir, conformando unha nova memoria ‘oficial’. Con este fin fúndase o Instituto de Memoria Nacional (*Instytut Pamięci Narodowej*), ‘encargada de administrar los archivos, iniciar la purificación, juzgar los crímenes cometidos en contra

de la Nación polaca entre 1939 y 1989' (Tonini, C., 2019, p. 7). Como se pode ver pola elección das datas, non hai unha separación entre os crimes cometidos polo estado nazi e polo prosoviético, e dentro deste último réxime, tampouco se diferencian os crimes cometidos antes de 1956 e aqueles que tiveron lugar despois, pese a que despois desta data a ditadura reduce enormemente a represión. Tamén se inclúen dentro destas datas os acordos da Mesa Redonda, o que fai que estas negociacións tamén poidan 'ser objeto de escrutinio por parte de la Comisión para la Investigación de los Crímenes Comunistas' (Tonini, C., 2019, p. 7).

O IPN recibe financiación estatal, e tanto o seu Presidente como os membros do Consello son elixidos polo parlamento, o que vincula enormemente os obxectivos da institución cos do goberno do momento. Esta relación pode apreciarse claramente co cambio radical do persoal da institución en 2005, coa chegada ó poder da coalición nacional-populista na que se atopaba o PiS. O arquivo ten o monopolio total sobre os documentos conservados, xa que xestiona os arquivos dos ministerios de Interior e Xustiza, e regula o seu aceso, polo que a formación dunha historia 'oficial' acorde coa liña do goberno do momento non se ve demasiado obstaculizada. Ademais desta organización da propia institución, que non favorece unha investigación aberta e científica do pasado, o obxectivo do IPN tampouco responde a unha demanda de rememorar o que ocultou o comunismo, polo que non se busca tanto estudar a memoria como construír un novo relato, a 'verdade' (Kończal, K. e Wawrzyniak, J., 2017).

Os membros dos partidos que seguían a liña de Solidaridade consideraban que ó abrir os arquivos dos Servizos de Seguridade saerían a luz documentos que mostrarían tanto os crimes comunistas como a valentía dos resistentes, permitindo continuar coa división entre gobernantes e gobernados que permite eliminar calquera responsabilidade da sociedade polaca, atribuíndolla toda a un réxime 'externo', o soviético. Sen embargo, os documentos mostraron a colaboración dun número bastante elevado de persoas, o que debilitaba esa teoría de que a maioría da sociedade polaca se mantivera resistente lonxe do comunismo (Tonini, C., 2019).

Algo importante ó longo de todo o proceso da Lustración é que non fose arbitrario. Ademais de establecer claramente o entendido por colaboración, foi preciso acordar que

as persoas sometidas ó proceso debían ser aquelas que desempeñasen actos públicos no pasado réxime. O Parlamento Europeo solicitou tamén unha maior apertura nos arquivos, incluíndo os da policía segreda, servizos de intelixencia e antigos servizos de seguridade interna. O obxectivo era evitar que se abusase deste proceso con fines políticos, como podería pasar se fose o mesmo órgano o que acusase de colaboración e o único que tivese acceso ós documentos que probasen esta colaboración (Tonini, C., 2019).

Este debate en canto a limpeza da escena política pode resultar chocante coa actuación da propia sociedade polaca. Na Polonia de 1989 e nos anos inmediatamente posteriores ‘no hubo ni asaltos a las sedes de la policía secreta, ni frenéticas destrucciones a los monumentos de la era comunista, y mucho menos, ningún grupo político sugirió, en aquella época, la posibilidad de abrir los archivos del Ministerio del Interior’ (Tonini, C., 2019, p. 2). A sociedade polaca non buscaba mostrar os horrores do comunismo, mais ben pretendía honrar a aqueles que loitaran pola liberdade, como pode ser a resistencia clandestina, as protestas sociais de 1956, e dos anos 70, ou mesmo a cercana dos 80, co nacemento do sindicato ‘Solidaridade’ (Tonini, C., 2019).

III. 2. Actos conmemorativos no calendario

Un dos acontecementos que mellor mostran este intento de reconstruír a ‘verdade’, é dicir, de retomar o que foi oculto polo comunismo, é o caso de Katyn. Como xa foi comentado, o nome de Katyn simboliza a matanza destes 20.000 oficiais do exército polaco a mans do Exército Vermello, mais durante os anos da Unión Soviética a responsabilidade do crime oficialmente recaeu no Exército Alemán. A cuestión foi condenada ó esquecemento, pois os procesos levados a cabo a finais da Segunda Guerra Mundial polo exército soviético para demostrar a culpabilidade alemá non foran demasiado consistentes, e parte da poboación xa era coñecedora de que a matanza fora realizada polos soviéticos. Sen embargo, durante a etapa comunista, mantívose a versión oficial que atribuíu a matanza ós nazis, sen amosar un maior interese por coñecer a verdade, dado que nese momento unha investigación seria que acabase atribuíndo a responsabilidade ós soviéticos non era nin desexable nin posible para o réxime comunista. Coa chegada da Transición, o problema de Katyn será retomado, e terminará conformando un dos acontecementos fundamentais na memoria polaca. Este asunto dará

lugar á publicación de numerosos artigos, á súa introdución no programa educativo, e á celebración cada 13 de Abril, o día da matanza, de actos conmemorativos en diferentes puntos de Polonia para recordar ás vítimas.

Outro episodio que recolle unha matanza efectuada en terras polacas durante a Segunda Guerra Mundial é o de Jedwabne. Nesta aldea, practicamente toda a comunidade xudía que vivía nela, unhas 1600 persoas, foi asasinada o 10 de xullo de 1941. O aspecto peculiar desta matanza é que non foi exercida polo exército ou outro corpo alemán, en control deste territorio durante o verán do 41, senón que foi levada a cabo polos propios habitantes polacos do pobo, é dicir, os propios veciños das persoas asasinadas. Sen embargo, esta data non está marcada no calendario polaco, xa que é un suceso que toca unha situación delicada na memoria colectiva polaca: a relación entre polacos e xudeus.

O propio tema xa está tratado cunha perspectiva determinada, de separación entre dúas historias, a polaca e a xudía, algo que no caso de Polonia, coa enorme poboación xudía que vivía alí, ten pouco sentido diferenciar. Isto leva á idea de que o Holocausto soamente ‘afectaría al resto de la sociedad polaca de modo tangencial’ (Gross, J., 2002, p. 25), dando a impresión de foron moi poucas as persoas que tiveron relacións cos xudeus durante este período, e que foron en todo caso mediatizadas polos dous poderes existentes na Polonia da Segunda Guerra Mundial, o nazi e o soviético. Isto remata formando un relato, que foi e sigue sendo transmitido por Polonia durante anos, da sociedade polaca como vítima destes dous réximes, e como inocente dos seus crimes.

A matanza de Jedwabne non é un caso illado, durante eses mesmo anos, así como nos anos de posguerra, leváronse a cabo varias pogromos en Polonia. Isto débese a un antisemitismo da sociedade polaca, quizais non moi apreciable en tempos de paz cando as relacións entre veciños polacos e xudeus non parecían demasiado afectadas polas diferenzas étnicas, pero que en caso de guerra saía á luz. Incluso en época de paz, os xudeus eran conscientes constante ameaza dun ataque violento á súa comunidade: ‘matanza y pillaje, siguieron presentes en el repertorio habitual de la conducta colectiva de la población de estas zonas y se repitieron periódicamente durante los siglos XIX y XX’ (Gross, J., 2002, p. 119). Ideas medievais, como a crenza da realización de asasinatos rituais, a posibilidade da espoliación dos bens dos xudeus, así como o medo ante as

posibles represalias das autoridades alemás en caso de permanecer habitantes xudeus nun pobo, foron factores que determinaron enormemente a participación das comunidades veciñas na matanza dos xudeus en Jedwabne, ou nos outros pobos nos que estas matanzas tiveron lugar.

Este acontecemento non ten unha data sinalada no calendario polaco, pero permanece na memoria colectiva, especialmente no recordo dos habitantes desta localidade. Isto queda en manifesto no trato que recibiron as persoas que decidiron acoller a xudeus nas súas casas, ou axudalos a escapar. O estigma de axudar á comunidade xudía perseguía á familia ou a persoa durante xeracións, e incluso ó longo de distintos territorios polacos. O feito da mera existencia de superviventes ou de persoas que os axudasen resultaba un xuízo moral para todos aqueles que tivesen participado na matanza ou que se aproveitasen de este posteriormente, coa obtención de propiedades dos xudeus (Gross, J., 2002).

O episodio foi conmemorado por dúas inscricións: a primeira, erixida durante os anos da Polonia comunista, e atribúe a responsabilidade do crime ós nazis. A segunda levantouse na Polonia posterior a 1989, e di así: ‘A la memoria de las casi 180 personas, entre ellas dos sacerdotes, que fueron asesinados en el término de Jedwabne en los años 1939-1956 por el NKVD, los nazis y la policía secreta (UB)’ (Gross, J., 2002, p. 156). Non hai ningunha mención á comunidade xudía asasinada, e moito menos á autoría de esta, que, en efecto, non é nin o NKVD nin os nazis nin a policía segreda. Mais relevante aínda é o feito de que esta é a única conmemoración ou referencia á matanza ata comezos do século XXI. Tampouco na historiografía polaca podemos atopar referencias a esta matanza, o tema e completamente ignorado.

Ademais da nova conmemoración de Katyn, existiron máis cambios no calendario polaco que amosan esta nova historia ‘oficial’ que busca transmitir o estado polaco. Vai desaparecer a celebración do 22 de Xuño, data de nacemento da República Popular en 1944, así como o 7 de Novembro, conmemoración da Revolución bolchevique, ou o 9 de Maio, fin da Segunda Guerra Mundial segundo a memoria soviética. Pola contra, aparecerán novas datas oficiais, como o 3 de Maio, data que conmemora a firma da primeira Constitución polaca, en 1971, ou o 15 de Agosto, festividade do Exército polaco.

Tamén entra no calendario oficial o 11 de Novembro, rememorando o nacemento da Polonia independente en 1918, en contraposición co 22 de Xuño celebrado anteriormente (Tonini, C., 2019). Todas estas datas teñen como obxectivo amosar elementos fortes de tradición polaca, que se remontan no tempo e axudan a xustificar o concepto de nación independente.

III. 3. Lugares de recordo

Unha das mellores formas para observar como se recorda o pasado é mediante a súa representación nos monumentos, memoriais, museos etc. Tomaremos os exemplos de Auschwitz para tratar de ver como se aproxima o recordo dos crimes alemáns, así como da cuestión xudía, o Monumento dos Catro Durmintes de Varsovia, co que nos aproximaremos a visión existente da fin da guerra e a liberación (ou ocupación) de Polonia polo Exército Vermello, e finalmente do Museo de Schlinder, que amosa certos aspectos tanto da ocupación alemá como da soviética.

Sen dúbida, o caso máis coñecido é o do campo de concentración de Auschwitz – Birkenau, actualmente recoñecido como patrimonio da humanidade pola Unesco en 1979. O complexo de Auschwitz está formado por tres campos diferentes, e unha serie de subcampos. Inicialmente foi construído como campo de concentración, sendo os seus primeiros prisioneiros cidadáns polacos arrestados pola policía alemá, mais xa en 1942 entra en funcionamento o complexo de Birkenau como campo de exterminio. En Birkenau morreron arredor de 1'1 millóns de persoas, principalmente xudeus (uns 960.000), polo que non resulta erróneo falar de Auschwitz como lugar de exterminio desta comunidade. Con todo, ademais de xudeus, morreron miles de persoas de outras nacionalidades e condicións, sendo estes principalmente polacos (74.000), romanís (21.000) e prisioneiros de guerra soviéticos (entre 10.00 e 15.000) (United States Holocaust Memorial Museum).

A idea de conmemorar xa Auschwitz nace pouco despois da súa liberación. Esta primeira iniciativa será levada a cabo por antigos prisioneiros do campo, que organizan a primeira exposición o 14 de Xuño de 1947. Ó mes seguinte, aprobado polo Parlamento polaco, instáurase o museo de Oswiecim - Brzezinka (en 1999 o nome se cambia polo Museo Estatal de Auschwitz - Birkenau en Oswiecim). Entre os obxectivos iniciais deste

Museo, se atopaban a ‘protección de los terrenos del antiguo campo y sus edificios, búsqueda y recopilación de documentos relacionados con los crímenes alemanes perpetrados en Auschwitz, elaboración de estudios científicos y su facilitación’ (Świebocka, T., Pinderska-Lech, J. e Mensfelt, J., 2010, p. 13).

A organización, actividade ou desenvolvemento do Museo, en cambio, foron temas que levaron a un maior debate entre os antigos prisioneiros, museólogos, historiadores, etc. Un dos principais obxectos de discusión foi a cuestión de que facer cos terreos dos campos. Había quen era partidario de labrar os campos, mentres que outras persoas consideraban que era preciso manter o máximo posible das instalacións alemás. Tamén existiu unha forte discusión acerca da denominación de Museo, xa que había diversas opinións acerca da propia natureza do complexo; había quen o entendía como un cemiterio, outros como un lugar conmemorativo, monumento ou instituto de memoria que actuase como centro educativo e de investigación. Finalmente acordouse establecer Auschwitz I como Museo, mentres que Auschwitz II (Birkenau) permaneceu como lugar de memoria. Desta forma cumpríanse simultaneamente todas estas funcións (Świebocka, T., Pinderska-Lech, J. e Mensfelt, J., 2010).

Con todo, o Museo de Auschwitz – Birkenau non foi sempre así. Dende o final da guerra, diferentes grupos intentaron dirixir a historia que se contaba dende Auschwitz, sendo os primeiros os comunistas polacos, quen ocupaban o poder durante os anos de formación do complexo museístico. Nos primeiros anos, as placas conmemorativas das vítimas non falaban de xudeus, senón de ‘persoas’ ou vítimas’ en xeral, sen especificar a súa etnia ou orixe, pese a ser este o principal factor do seu exterminio. ‘El campo de concentración se retrataba como un lugar donde los polacos corrientes (...) habían sido explotados para exprimir hasta la última gota del valor económico de sus cuerpos. Auschwitz era el máximo símbolo de la explotación capitalista’ (Lowe, K., 2021, p. 157). Mais adiante, na década dos setenta, foron os católicos polacos quen buscaron influír no relato histórico. O futuro Papa Juan Pablo II, coñecido como o Papa polaco, chegou a dar dúas misas en Auschwitz. A maiores, erixiuse unha cruz na rampla onde se efectuaba a selección dos xudeus para as cámaras de gas, e outras arredor do complexo, e incluso un grupo de carmelitas estableceu no territorio inmediato ó campo un convento en 1984, xa

durante a Transición. ‘Aquí, en un lugar donde los judíos habían sido exterminados, se les estaba arrebatando el propio carácter judío de la experiencia’ (Lowe, K., 2021, p. 158). A Igrexa recuou a mediados dos noventa, retiráronse as cruces e o convento, e recoñeceuse finalmente o sufrimento xudeu. Como vemos co exemplo de Auschwitz, a forma de conformar a memoria non é nin única nin definitiva, e normalmente responde á mensaxe que quere transmitir quen a conta.

Outro bo exemplo de como a memoria histórica é diferente nos distintos sistemas o podemos ver no caso do monumento dos Catro Durmintes de Varsovia. Mentres que Auschwitz amosa a percepción que se ten dos crimes nazis, os Catro Durmintes refírese á imaxe que se ten dos rusos. Esta obra, chamada en realidade Monumento á Fraternidade das Armas, amosa un grupo de soldados, abaixo dous polacos coas cabezas gachas, e enriba e dous soviéticos loitando, e unha inscrición que reza: ‘Gloria a los héroes del ejército soviético, camaradas de armas, que entregaron sus vidas por la libertad y la independencia de la nación polaca’. A obra, construída en 1945, cumpría dúas funcións: ‘constituía un reconocimiento de la genuina deuda que Polonia tenía con los soviéticos’, quen liberaran Varsovia en 1945, e era a súa vez unha ‘obra de propaganda política’ (Lowe, K., 2021, p. 38), amosando unha xerarquía específica: ós soviéticos por enriba dos polacos.

Ademais deste, ó longo da ditadura comunista erixíronse centos de monumentos que conmemoraban a amizade entre o pobo polaco e o ruso, sen embargo, esta non era a percepción que tiña a sociedade polaca. Exercíanse actos vandálicos contra estas obras, ou recibían nomes pexorativos, como neste caso mesmo. O nome dos Catro Durmintes non ven dado soamente pola postura na que se representa ós soldados polacos, coas cabezas gachas, senón que ten un significado máis amplo, que mostra a percepción polaca acerca da liberación soviética de Varsovia. En 1944 efectúase o levantamento de Varsovia contra a ocupación nazi, cando os soviéticos se atopaban a beira do Vístula. Sen embargo, os soviéticos non interviñeron no levantamento, senón que esperaron ata que este estivese completamente sufocado, de modo que cando eles entrasen na capital xa non habería posibilidades de ningún tipo de resistencia. O apelativo ‘durminte’ por tanto, fai

referencia a esta decisión dos soviéticos de permanecer esperando en vez de entrar na loita (Lowe, K., 2021).

Sen embargo, curiosamente en 1989, mentres que outros monumentos desta índole son retirados das rúas, o monumento dos Catro Durmintes permanece intacto. Non será desmontado ata o 2011, cando é retirado por razóns prácticas, para construír unha liña de tranvía. Foi tras o seu desmantelamento cando saíron á luz as voces dos contrarios ó monumento. O PiS argumentou que o monumento ‘glorificaba a una potencia extranxera que había sometido a Polonia durante máis de cuarenta anos’ e que ‘constituía un insulto a Polonia, y una falsificación de la historia polaca’ (Lowe, K., 2021, p. 41). Por outra banda, existían tamén quen defendía o monumento, como algúns políticos socialistas que defendían que non se representaba ó estalinismo ou os líderes soviéticos, senón que honraba ós soldados de a pé que loitaran en Polonia.

En 2013 realizouse unha enquisa de opinión acerca de se debía manterse o monumento ou retirarse, e o resultado amosou que un 72% dos participantes preferían que se mantivese no mesmo lugar. Con todo, o monumento foi retirado en 2015, e en 2017 lévase a cabo un programa para retirar os monumentos soviéticos que quedaban, e continuar así co plan de ‘descomunización’ proposto polo goberno do PiS. Cabe destacar que esta non é unha estratexia única de Polonia, varios países de Europa Central sometidos no pasado á URSS, como Ucraña, levaron nos últimos anos accións similares (Lowe, K., 2021).

O último exemplo elixido, o Museo de Schlinder en Cracovia, mostra ó mesmo tempo unha percepción da ocupación alemá como da soviética dende unha perspectiva actual. Ó longo deste museo podemos ver como hai un distinto tratamento dos dous réximes políticos, sen embargo, a posición na que se sitúa á poboación polaca é similar: enténdese como vítima da imposición de dous réximes foráneos. ‘Such a reading of the events leading to WWII and the occupation of Poland is often underlined to present Poland in a passive role, having lost control over history, and hence its victim’ (Guichard-Marneur, M., 2018, p. 822). Esta presentación da sociedade polaca como vítima de ambos réximes a exime de calquera tipo de responsabilidade durante a duración dos mesmos. Esta idea de inocencia transmítese ó longo de toda a exposición, e refórzase,

principalmente no caso das estancias adicadas á época do comunismo, pola dicotomía do relato ‘verdadeiro’ e do ‘mítico’.

Esta forma de presentar o relato histórico ten lugar nas últimas salas da exposición, facendo referencia á narrativa da Segunda Guerra Mundial elaborada durante o comunismo. Aqueles paneis marcados coa etiqueta de ‘mito’ son aqueles que responden ó relato elaborado na época comunista, mentres que o ‘verdadeiro’ relato é o que se considera actualmente que responde á realidade histórica e non está influenciado pola propaganda comunista. Con todo, unha das últimas salas do museo dispón de dous libros, o ‘Libro dos odiados’ e o ‘Libro dos Xustos’, que mostran respectivamente os nomes e historias da xente que colaborou cos réximes, e da xente que pola contra salvaron vidas durante a ocupación. Esta é a primeira vez que se mostra unha visión distinta á narrativa usual da poboación polaca como vítima completamente inocente de ambos réximes.

Ademais dos cambios nos museos ou lugares memorísticos, podemos observar o cambio no relato histórico no cambio dos nomes das rúas, prazas e demais espazos públicos. Tras 1989 as rúas adicadas ós defensores de Stalingrado ou ós mariscais soviéticos que comandaban as tropas en Polonia durante a Segunda Guerra Mundial cambiarán o seu nome, normalmente facendo referencia ó Papa Juan Pablo II, ó padre Popieluszko, ou o xeral Anders. Tamén haberá cambios no espazo urbano, onde aflorarán os palacios, facendo referencia ó pasado nacional (Tonini, C., 2019).

IV. Conclusións

Como vemos, a sociedade polaca non acepta a responsabilidade dos seus actos na matanza de Jedbawne, levada a cabo por veciños e non por esta serie de personaxes marxinais. Non hai apenas xestos de arrepentimento ante ás vítimas, ou sinais de remordemento. Isto débese á ‘necesidad de convertir la mancha de culpa en una imagen de la inocencia y el parecer civilizado’ (Andrzej Sarnacki, S.J, 2017, p. 47) que deriva da vergoña por cometer actos tan moralmente reprochables.

En xeral a sociedade polaca non admite o palpable antisemitismo que existía, especialmente nas comunidades rurais. ‘Ante una acusación de antisemitismo, el pueblo polaco apela a la larga tradición de convivencia del pueblo polaco con el judío, obviando

el antisemitismo de los años 1870-1939' (Meyer, J., n.d. p. 163), escribía Aleksander Smolar en 1987. Non hai recoñecemento pese ás matanzas, espolios ou á propia historiografía xudía, que certamente pode presentar un plantexamento algo interesado da situación, mais tamén é a máis inclinada en investigar sobre esta cuestión. Esta fala dun antisemitismo crecente, 'primero religioso, después socioeconómico y finalmente nacionalista, especialmente después de 1918' (Meyer, J., n.d. p. 164). Incluso actualmente permanecen certos prexuízos, como podemos ver na afirmación de Jan S. Ciechanowski, cando argumenta que 'el marxismo soviético en Polonia era un movimiento casi inexistente, poco popular, tachado de totalitario y traidor, una opinión universal fortalecida porque la constitución del partido estaba formada sobre todo por judíos' (Stanislaw Ciechanowski, J., 2009, p. 174). Indirectamente, o autor afirma ou ben que os xudeus encaixaban co réxime comunista porque tendían a ser traidores e partidarios dun réxime totalitario, ou ben que eran pouco populares en Polonia. En todo caso, a historiografía polaca, xeralmente non trata o tema, e en caso de facelo non soe aceptar a responsabilidade.

Aínda máis alá, téndese a presentación no relato como vítima en vez de vitimario, como se argumentou na análise do Museo de Schlinder, en Cracovia. Certamente, os polacos foron vítimas da ocupación alemá e soviética, así como dos desprazamentos de poboación e asasinatos por parte destes réximes, pero a forma de presentar estes acontecementos pode ser levar a conclusións xustificativas de certos acontecementos, como as relacións que tiveron cos xudeus, en moitos casos como vitimarios. Mais, nesta cuestión, como xa vimos, non se acepta a culpabilidade, e en moitos casos inténtase atribuír a outros, acentuando ese rol pasivo atribuído a Polonia. Esta tamén é unha cuestión debatida por Gross, quen afirma que 'en el proceso de toma de poder por los comunistas polacos después de la guerra, los aliados naturales del partido comunista a nivel local habrían sido las personas que durante la ocupación alemana se habían comprometido más' (Gross, J., 2002, p. 152). Non é tanto unha cuestión de ideoloxía como unha busca do beneficio propio. En todo caso, resulta difícil de concibir que os xudeus fosen un grupo decisivo no establecemento do comunismo, xa que gran parte da poboación xudía de Polonia foi aniquilada durante a guerra e moitos dos superviventes fuxiron do país cando esta rematou. Ademais, o propio réxime comunista de Polonia vai

evolucionando ideoloxicamente cara un maior antisemitismo, que culminou en marzo de 1968 (Gross, J., 2002, p. 154).

En xeral a memoria histórica da Polonia da Transición contribúe a compoñer a imaxe dunha nación definida, algo común na Europa do Leste de despois da guerra, onde as fronteiras eran novas e predominaba a idea do autogoberno da nación. O impacto da guerra tivo unha moi forte influencia neste novo relato nacional de Polonia: ‘La memoria, o mejor dicho el simbolismo del martirio colectivo, nacional, durante la segunda guerra mundial, es fundamental para la manera que tenga de verse a sí misma la sociedad polaca del siglo XX’ (Gross, J., 2002, p. 135). A posición victimista é unha constante no relato da guerra, non só de Polonia, senón tamén doutros países de Europa do Leste e Central, algo que se pode apreciar na tendencia que existe neles á construír ‘Holocaustos nacionais’, como explica Wilfried Jilge (Zhurzhenko, T., 2007, p. 6).

Tamén os anos do réxime comunista tiveron un impacto moi forte no novo relato destes países, que tenden a distanciarse ‘symbolically from the past empire by externalizing the communist past and by nationalizing historical memory’ (Zhurzhenko, T., 2007, p. 3). Plántase o comunismo como unha sistema non querido pola nación, e a colaboración cidadá xustifícase na carencia de liberdade da sociedade, que, por tanto, non pode ser considerada como responsable dos seus actos. A externalización do comunismo é tamén unha ferramenta á hora de achegarse máis ós países de Europa Occidental (Zhurzhenko, T., 2007).

En todo caso, resulta interesante observar que elementos se elixen para a construción desta identidade nacional, moi forte en Polonia. Loxicamente escóllense os elementos máis beneficiosos para esa idea nacional que se quere transmitir, principalmente feitos notables ou especiais. Sen embargo, exclúense da concepción nacional elementos vergoñentos, ou moralmente cuestionables, como puido ser o antisemitismo e todo o que conlevou, ou o colaboracionismo co réxime comunista. ‘¿Podemos seleccionar arbitrariamente lo que mas nos gusta de una herencia nacional y convertirlo en nuestro patrimonio excluyendo todo lo demás?’ (Gross, J., 2002, p. 128). Esta é unha das cuestións que se plantexaba Jan Gross no seu libro *Veciños* hai vinte anos, nunha época na que Polonia aínda estaba en plena reconstrución da súa identidade

nacional, e a selección de elementos que construían a memoria colectiva nacional era moi específica. Nos últimos anos, e esencialmente tras a publicación deste libro e o debate que supuxo, comezaron a tratarse máis este tipo de situacións incómodas para a sociedade polaca. Sen embargo, aínda hai moi pouco recoñecemento dos elementos que manchan a imaxe nacional.

V. Bibliografía

- Baer Mieses, A. (1999). Imagen, memoria e industria cultural: el holocausto y las propuestas de su representación. *Arte, Individuo y sociedad*, 11, 113-121.
- Bak, G. (n.d.). La revisión del pasado y la política de la memoria en la Polonia poscomunista. *Historia del presente*, 163-171.
- Barlinska, I. (2006). El proceso de “descomunización” y la crisis de la Iglesia en Polonia. *Análisis del Real Instituto Elcano*, 30, 1-6.
- Casanova, J. (2020). *Una violencia indómita: El siglo XX europeo*. Crítica.
- Drozdewski, D. (2012). Knowing (or Not) about Katyń: The Silencing and Surfacing of Public Memory. *Space and Polity*, 16(3), 303-319.
- Drozdewski, D. (2014). Using history in the streetscape to affirm geopolitics of memory. *Political Geography*, 42, 66-78.
- Golewioski, J. (1999). El régimen comunista en Polonia después de la segunda guerra mundial. *Brocar*, 23, 217-228.
- Gross, J. T. (2016). *Vecinos*. Crítica.
- Guichard-Marneur, M. (2018). Forgetting communism, remembering World War II? The case of the permanent exhibition of the Schindler Factory Museum, Krakow, Poland. *International Journal of Heritage Studies*, 24(8), 811-827.
- Kieniewicz, J. (1993). Cambios en Polonia: transición y transformación. *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 15, 129-155.
- Kończal, K. e Wawrzyniak, J. (2017). Provincializing memory studies: Polish approaches in the past and present. *Memory Studies*, 11(4), 391-404.
- Krzywon, A. (2015). La constitución ante el pasado: reflexiones en torno a la transición democrática de Polonia después de 1989. En M. Carbonell Sánchez and Ó. Cruz Barney. *Historia y Constitución. Homenaje a José Luis Soberanes Fernández: Tomo II* (257-276). Instituto Investigaciones Jurídicas UNAM.

Lowe, K. (2021). *Prisioneros de la historia*. Galaxia Gutenberg.

Meyer, J. (n.d.). Los judíos en la memoria polaca. Los polacos en la memoria judía. *ISTOR*, 162-166.

Owczarek, D. (2017). Las raíces del populismo en Polonia: crecimiento insostenible y reacción cultural. *CIDOB Report*, 1, 39-43.

Rzesutek, M., Lis-Turlejska, M., Krajewska, A., Zawadzka, A., Lewandowski, M. and Szumiał, S. (2020). Long-Term Psychological Consequences of World War II Trauma Among Polish Survivors: A Mixed-Methods Study on the Role of Social Acknowledgment. *Frontiers in Psychology*, 11, 1-10.

Sarnacki, S.J., A. (2017). Cómo se construyen las versiones de la memoria en estos tiempos: el ejemplo de la Segunda Guerra Mundial. *Memoria y Sociedad*, 21(42), 38-49.

Stanislaw Ciechanowski, J. (2009). La revuelta polaca de 1956. *Brocar*, 33,171-194.

Świebocka, T., Pinderska-Lech, J. e Mensfelt, J. (2010). *AUSCHWITZ-BIRKENAU HISTORIA Y PRESENTE*, 1-32.

Tonini, C. (2019). El legado del comunismo en Polonia: memorias, nostalgia e indiferencia. *Trabajos y Comunicaciones, 2da. Época*, 49, 1-16.

United States Holocaust Memorial Museum, *Introduction to the Holocaust*. Holocaust Encyclopedia. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/auschwitz> Accessed on 15 May, 2022.

United States Holocaust Memorial Museum, *Introduction to the Holocaust*. Holocaust Encyclopedia. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/polish-victims#:~:text=Se%20calcula%20que%20los%20nazis,de%20jud%C3%ADos%20ciudadanos%20de%20Polonia> Accessed on 15 May, 2022.

Zhurzhenko, T. (2007). The geopolitics of memory. *Eurozine*, 1-11.

Anexos

1. Mancomunidade Polaco-Lituana:



2. División de Polonia en 1939:



3. Cambios territoriais tras 1945:

